

ESTRUTURA DE PRODUART **XXi**

Ante a necesidade de consumir san, crece a oferta do produto biolóxico e natural. Cada vez máis os consumidores estamos a tomar maior conciencia da responsabilidade que implica a decisión de escoller ou elixir que produto levamos á casa.

Estes criterios tamén conforman Produart, que, tra-lo parón da pandemia, volve este ano para celebrar a súa XX edición, resultando ata agora todo un éxito tanto para os visitantes como para os expositores que apostaron por esta idea.

A nosa alimentación, os nosos produtos de consumo cotián e o noso hábitat converten a Produart no espello das formas de produción baseadas no respecto ao entorno e á vida.

SECTORES REPRESENTADOS

- > **produtos do mar:** potenciar o valor engadido dos nosos recursos pesqueiros
- > **produtos da terra:** promover a produción ecolóxica e artesanal
- > **produtos naturais-ecolóxicos**
- > **artesanía tradicional e popular**
- > **hábitat:** bioconstrución e restauración ou recuperación da arquitectura tradicional
- > **medio ambiente:** enerxías renovables, etc.

ORGANIZA: Fundación Expomar

PERIODICIDADE: Anual, na 1ª fin de semana de agosto

ÁMBITO TERRITORIAL: Galicia, cornixa cantábrica e diferentes puntos do estado e de outros países, das persoas que nos visitan nestas datas

SECTOR E PRODUTOS ÓS QUE SE DIRIXE: Produtos ecolóxicos e artesanais dos sectores da alimentación (tanto perecedeiro como elaborados e conservas), artesanía, natureza e medio ambiente.

SUPERFICIE NETA DA EXPOSICIÓN: 2.500 m²

EXPOSITORES: 60 aprox

VISITANTES ÚLTIMA EDICIÓN: 6.000 aprox

XXi PRODUART
BURELA'23



XX Feira dos produtos artesanais e ecolóxicos

PRODUART

FUNDACIÓN EXPOMAR

NAVE DE REDES, Porto de Burela (Lugo)

4-5-6 de agosto de 2023

conxuntamente coa *XXXVII Feira do Bonito*

Praza da Mariña, 13. BURELA 27880 (Lugo, Spain)

TEL +34 982 586 232 TEL +34 610 574 188

xerencia@expomar.com



CONSELLERÍA
DO MAR



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo,
de Pesca y de Acuicultura
(FEMPA)



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



CONCELLO DE
BURELA



Autoridad Portuaria de
Ferrol-San Cibrao



S.C.R.
<<LEDICIA>>

HORARIO:

Venres 5 de agosto: de 17:30h a 22:00h

Sábado 6 e domingo 7 de agosto: de 11:00h a 21:00h

PRODUART

XXi Feira dos Produtos
Artesanais e Ecolóxicos

4-5-6 AGOSTO 2023
BURELA (Lugo)



ORGANIZA:



FUNDACIÓN
EXPOMAR



QUE É PRODUART?

Produart é unha plataforma de exposición comercial-feiral que intenta poñer en contacto a produtores, comerciantes e consumidores que apoiem o desenvolvemento dos recursos da nosa comarca, A Mariña Lucense, e doutras colindantes, así como doutros puntos do estado español, dende a óptica da sustentabilidade e da conservación do medio.



OBXECTIVOS DE PRODUART XXI

Como feira de produtos ecolóxicos e artesanais, **Produart** é o fiel reflexo dos valores da sustentabilidade dos nosos recursos pesqueiros, tradición artesanal e patrimonio cultural. Así, dende esta plataforma búscase o desenvolvemento dos sectores relacionados con outra forma de produción non agresiva: a ecolóxica e a artesanal.

Buscamos promover entre os nosos visitantes as ideas de sustentabilidade e de respecto ao entorno, servindo ademais como reclamo da actividade turística da zona, que busca a calidade e apostar por estes xeitos de vida. O apoio e promoción dos produtos locais, artesanais e tradicionais, e tamén aqueles produtos anovadores que difunden e recuperan a cultura ecolóxica, son outros dos nosos obxectivos.

CONTIDOS DE PRODUART XXI

Polo tanto, **Produart** persiste cunha clara intención de estimular, motivar, promocionar e fomentar a comercialización e desenvolvemento de iniciativas, recursos e produtos que se atopen no marco da economía sustentable.

Contamos para isto con firmas da nosa zona, na que temos unha especial interese, pero tamén de todo o territorio galego, así como representación do resto do territorio español, que achegarán a Burela novas formas de relación co entorno e a realidade.

Produart trata de recuperar todo aquilo que tiña de bo o mundo tradicional e o pensamento integral de comercio xusto e produción ecolóxica que implica innovación, investigación e aplicación de novos coñecementos. Con isto fomentarmos estruturas produtivas e de consumo que respecten a saúde do noso mar e da nosa terra e dos/as cidadáns, tendo en conta que a propia idea de sustentabilidade supón conservar a valía dos recursos actuais para as xeracións futuras. É pensar na nosa reprodución fronte ás formas de produción convencionais.

